

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Cuevas Alonso, Miguel
Villanueva Villar, Mónica
Currás Valle María, Consuelo
Pereira Lorenzo, Nemesio
Alberte Pivida, Rodrigo

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do martes, **25 de abril de 2023**, ás 09:15 h en primeira convocatoria e ás 09:30 en segunda convocatoria.

O día **25 de abril de 2023** ás 09:30 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde día:

Punto único: decisións a adoptar, á vista do informe da Asesoría Xurídica, sobre diversos aspectos relativos ás eleccións no Departamento de representantes nos Consellos de Departamentos do sector “Outro persoal docente e investigador” do Departamento de Dereito Público Especial.

Ás 9:30 comeza a sesión en segunda convocatoria na que o reitor cede a palabra ao secretario da comisión quen expoñe que, á vista do informe recibido da Asesoría Xurídica, é posible delegar no Departamento concernido a resolución do asunto. Delégase no secretario xeral a redacción definitiva do acordo, que se remitirá aos membros da comisión e que, de non haber obxeccións, se transmitirá ao departamento, reservándose a comisión, en calquera coaso, a potestade de avocar a delegación outorgada, de non acadarse acordo no Consello de Departamento.

O secretario xeral informa asemade da recepción no día de hoxe doutro recurso, que será resolto de xeito semellante á reclamación anterior presentada, ao non aportarse novos argumentos e que será comunicado así mesmo aos membros da comisión.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 09:40 h., do que eu, como secretario da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral